

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO
O 1 DE DECEMBRO DE 2022,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Mugardos (A Coruña).
-
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Abadín (Lugo).
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Abadín (Lugo).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se modifica o Decreto 6/2018, do 11 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2022.

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se modifica o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se aproba o Plan de actuación na ETEA 2022-2025 e balance das actuacións xa executadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva e tramitación anticipada de gasto, de subvencións para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas, incluído no Plan de modernización e competitividade do sector turístico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2023.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Ribeira para a construción do novo Auditorio Municipal de Ribeira e a súa contorna, por importe total de douscentos mil euros (200.000,00 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e na Orde pola que se publica a ampliación de crédito da Orde do 13 de maio de 2022, que modifica parcialmente a Orde do 16 de abril de 2021 que establece as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023, e se realiza a segunda convocatoria para os exercicios 2022 e 2023, por un importe total de catorce millóns setecentos setenta e un euros con setenta céntimos (14.770.481,70 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba o Manual de boas prácticas en solo rústico para o seu coñecemento e posta en valor urbanístico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autorizan os pagamentos anticipados ata o 70 % do importe da subvención no Proxecto de Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, xestionadas polo Instituto de Estudos do Territorio, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2023, tramitado como expediente anticipado de gasto, por un importe dun millón de euros (1.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo integral de mantemento e/ou primeira intervención dos equipos e instalacións para o coidado da saúde e equipamento clínico complementario instalado nos centros dependentes da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pertencente ao Servizo Galego de Saúde, de tres millóns trescentos sesenta e cinco mil seiscientos sesenta e tres euros con sesenta e catro céntimos (3.365.663,64 €), IVE incluído, e un valor estimado de sete millóns cincocentos dez mil cento cincuenta e oito euros con cincuenta e catro céntimos, sen IVE (7.510.158,54 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a contratación, por parte da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, do servizo de operación telefónica (*contact center*), mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, por importe de dez millóns douscentos setenta e un mil setecentos setenta e seis euros con oitenta e oito céntimos (10.271.776,88 €), IVE incluído, e un valor estimado de once millóns trescentos oitenta e tres mil cento corenta e sete euros con setenta e oito céntimos (11.383.147,78 €), sen IVE.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) para o desenvolvemento dun programa integral de actuacións para a promoción da autonomía persoal e a inclusión social das persoas con discapacidade. Importe total: novecentos corenta mil euros (940.000,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e os concellos incluídos no Plan estratéxico do sector agrario da Limia para a reparación de camiños rurais (2ª fase), por un importe total de cincocentos cincuenta mil seiscientos noventa euros con vinte e tres céntimos (550.690,23 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a realización de pagamentos á conta en contía superior á establecida no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas aos investimentos para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga), e se convocan para o exercicio orzamentario de 2023 (código de procedemento MR361A). Tramitación anticipada. Importe total: catro millóns catrocentos trinta e dous mil cento dezanove euros (4.432.119,00 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a convocatoria para 2023 das axudas para a mellora da capacidade innovadora das pemes en Galicia a través dos bonos de innovación.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre o Balance Estratexia retorna.
- Informe sobre o estudo de delimitación competencial no ámbito da Administración local de Galicia e outras accións de reforzo da autonomía local.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre paradas de bus seguras. Mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús situadas na Rede autonómica de estradas de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a 2ª edición da Guía farmacoterapéutica e de práctica clínica de centros sociosanitarios.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


A XUNTA APROBA NOVOS SÍMBOLOS HERÁLDICOS PARA OS CONCELLOS DE ABADÍN E MUGARDOS

- O Consello da Xunta deu o visto e praxe aos decretos polos que se aproba o escudo e a bandeira do Concello de Abadín, e a bandeira de Mugardos
- O Goberno autonómico leva aprobados un total de 277 escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia atendendo ás peticións dos concellos para adoptar os seus símbolos segundo o decreto que os regula


O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que aproban o escudo e a bandeira do Concello lugués de Abadín, así como a bandeira do Municipio coruñés de Mugardos, que xa recibiran informe favorable na reunión da Comisión de Heráldica do 21 de novembro.

Este órgano consultivo da Xunta de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de réxime local, é o encargado de emitir informes vinculantes de aprobación, modificación ou rehabilitación de escudos heráldicos e bandeiras das entidades locais galegas.

Segundo vén definido no decreto, no caso de Abadín o escudo é de azur (azul) cun castelo de ouro (amarelo) surmontado de dous lises da mesma cor e postas nos flancos do xefe. Ao timbre, a coroa real pechada. Na bandeira deste concello lugués o pano é azul e, ao igual que no escudo, ao centro o castelo de amarelo acompañado de dous lises da mesma, un á hasta e outro ao batente.



O Consello da Xunta tamén aprobou a bandeira do Concello de Mugardos, acorde co escudo aprobado o pasado abril. É co pano de amarelo e, ao centro, terzada de azul coa estrela de abertas,



COMUNICACIÓN

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego leva aprobados un total de 277 escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia no seo da Comisión Heráldica da Xunta, tras a petición dos respectivos concellos de adoptar, modificar ou rehabilitar os seus símbolos, en aplicación do Decreto 19/2010, do 11 de febreiro que os regula.

Os municipios e as demais entidades locais de Galicia poden adoptar escudos heráldicos e bandeiras propios e privativos, modificar os xa existentes ou rehabilitar os que historicamente se empregasen, baseándose sempre en feitos históricos ou xeográficos característicos e peculiares do seu territorio e conforme as normativas de heráldica.

Ningunha entidade local de Galicia poderá utilizar un escudo heráldico ou un bandeira que non fosen aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, sen prexuízo daqueles que foron aprobados pola Administración do Estado con anterioridade á transferencia de competencias a favor da Comunidade Autónoma de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

O Consello da Xunta dá luz verde ao decreto de modificación dos Estatutos da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) para dar cumprimento á normativa vixente tras a actualización da estrutura universitaria na Comunidade Autónoma, composta por todas as universidades aprobadas por lei do Parlamento de Galicia.

A ACSUG foi creada en 2001 mediante convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela (USC), da Coruña (UDC) e de Vigo (UVigo). O seu ámbito de actuación comprende todas as universidades integradas no Sistema universitario de Galicia, así como os centros que impartan en Galicia ensinanzas universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional nos termos previstos na Lei orgánica de universidades.

Así pois, a incorporación no Sistema universitario de Galicia da Universidade Intercontinental de la Empresa, aprobada por lei, obriga a modificar o artigo 2 dos estatutos da ACSUG en que se regulan as entidades que integran este consorcio. Este cambio non leva aparellados investimentos por parte da Xunta de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RESALTA QUE A XUNTA CONVOCARÁ MÁIS DE 5.650 PRAZAS DE EMPREGO PÚBLICO NO SERGAS ANTES DE QUE FINALICE ESTE ANO

- Subliña que o Consello aprobou hoxe a OPE para persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde que inclúe 1.294 prazas
- Destaca que ata final de ano increméntarase o número de prazas obxecto de convocatoria para persoal de enfermaría, cun total de 2.160
- Enmarca esta nova convocatoria “no proceso de consolidación e mellora dos servizos públicos” galegos que inclúe tamén medidas para dar estabilidade aos empregados ou para o desenvolvemento da carreira profesional
- Un total de 1.017 médicos tomarán posesión da súa praza este mes tras aprobar as correspondentes oposicións

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que O Goberno galego vai convocar “máis de 5.650 prazas en distintas categorías profesionais do Sergas antes de que remate o ano”, das que 2.160 serán para a estabilización do persoal de enfermaría. Rueda resaltou que esta convocatoria enmárcase “no proceso de consolidación e mellora dos servizos públicos” que está a levar a cabo a Xunta con medidas para fomentar a estabilidade dos empregados públicos ou para o desenvolvemento da carreira profesional.

O Consello aprobou na súa reunión semanal o decreto coa oferta pública de emprego de persoal estatutario do Sergas para o ano 2022, que inclúe 1.294 prazas. Esta oferta, unida ás 106 prazas de médico de Atención Primaria xa convocadas polo sistema de méritos, a oferta extraordinaria lanzada en maio para reducir a temporalidade e as prazas pendentes das ofertas de 2020 e 2021, é o que permitirá á Xunta convocar máis de 5.650 vacantes antes de rematar o ano.

Por categorías, un total de 2.015 prazas serán para persoal de enfermaría; 1.052 para persoal técnico en coidados auxiliares; 429 para auxiliares da función administrativa; 238 para enfermeiros especialistas, fisioterapeutas ou terapeutas ocupacionais; 199 para persoal de servizos xerais; 48 para farmacéuticos e odontólogos de Atención Primaria e 23 para o grupo de xestión de función administrativa. A estas habería que sumar 28 prazas reservadas para persoas con discapacidade intelectual. O resto de vacantes aínda están pendentes de convocatoria.

Nas prazas que se convocarán ata finais de ano non están incluídas vacantes para facultativos xa que as novas prazas saíran convocadas polo modo de concurso de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

méritos, o que exige unha oferta de emprego pública diferenciada. Aínda así, o presidente lembrou que un total de 1.017 médicos tomarán posesión ao longo deste mes tras aprobar a súa correspondente oposición.

Malia o contexto económico e sanitario dos últimos anos, a Xunta de Galicia, en cumprimento do compromiso de dotar de estabilidade os seus cadros de persoal, continuou a convocar e desenvolver novos procesos de selección para o acceso á condición de persoal fixo, logo de aprobación con carácter anual dos preceptivos decretos de oferta de emprego público, que esgotaron a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada pola lexislación básica do Estado e nos cales se deu prioridade ás categorías sanitarias.

En cumprimento co establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, no mes de maio publicouse a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema público de saúde de Galicia, integrada por un total de 2.568 prazas. Ademais a Xunta convocou por concurso de méritos 106 prazas de médicos para cubrir postos de difícil cobertura.

A oferta que hoxe aprobou a Xunta, sumada á oferta de estabilización e ás prazas pendentes de convocar derivadas das ofertas dos anos 2020 e 2021, posibilita a execución de procesos selectivos en que se incluírán 5.651 prazas do Sistema sanitario público galego, sumando taxa ordinaria e taxa extraordinaria, concurso-oposición e concurso de méritos.

Con esta oferta, a temporalidade estrutural no Sergas continúa a reducirse, e é este un obxectivo prioritario para o Servizo Galego de Saúde.

Próximas actuacións

Tras a aprobación do decreto por parte do Consello da Xunta, publicaranse as correspondentes convocatorias.

Xunto coas prazas que están a punto de ser adxudicadas en diversas categorías de facultativo especialista e técnicos sanitarios, así como diversas categorías de persoal de xestión e servizos, o Sergas está a tramitar na actualidade 8.700 prazas para o acceso de persoal fixo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A CONSELLERÍA DO MAR REFORZA A SÚA ESTRUTURA PARA APUNTALAR A PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DOS PRODUTOS DO MAR DE GALICIA

- Crea a Subdirección Xeral de Valorización dos Produtos do Mar dentro da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica co ánimo de permitir unha xestión máis axeitada e asumible da actividade diaria, así como un mellor desenvolvemento de tarefas de cogobernanza co sector
- Faino mediante o proxecto de decreto coa nova estrutura orgánica da Consellería, que ten como obxectivo elevar a súa eficiencia en beneficio dos administrados, pois os cambios contribúen a resolver en menos tempo as cuestións que poidan xurdir no desenvolvemento da súa actividade
- A actual Subdirección Xeral de Innovación Tecnolóxica pasa a denominarse Subdirección Xeral de Competitividade da Cadea Mar-Industria co obxectivo de acadar unha competitividade plena das estruturas produtivas e transformadoras dentro dos mercados globais

A Consellería do Mar vai reforzar o impulso ao incremento da demanda, os prezos e os ingresos dos profesionais da pesca, o marisqueo, a acuicultura e a transformación mediante a creación dun departamento específico centrado na posta en valor dos produtos do mar. Esta aposta concrétase coa división da actual Subdirección Xeral de Pesca e Mercados en dúas subdireccións: a de Pesca (na que se inclúen o Servizo de Pesca e o de Análises e Rexistros) e a nova de Valorización dos Produtos do Mar (na cal se inclúe o Servizo de Mercados).

Este cambio, enmarcado no proxecto de decreto polo que se modifica a estrutura orgánica da Consellería e ao que hoxe deu luz verde o Consello da Xunta, responde á necesidade de atender a constante evolución da importancia económica da actividade marítimo-pesqueira en Galicia, o que fai que a cadea mar-industria tome cada vez máis forza pola xeración de novos produtos do mar transformados e pola obtención de maior valor engadido mediante este proceso.

Así, o departamento autonómico leva a cabo esta división para adecuar a carga de traballo xerada no ámbito da competencia e de xestión da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, así como mellorar o desenvolvemento de tarefas de cogobernanza co sector.

Dentro desta modificación da estrutura da Consellería do Mar tamén se inclúe o cambio de nome da actual Subdirección Xeral de Innovación Tecnolóxica, que pasa a denominarse Subdirección Xeral de Competitividade da Cadea Mar-Industria co ánimo de definir de maneira máis axeitada as súas funcións e relacións co sector e acadar unha

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

competitividade plena das estruturas produtivas e transformadoras dentro dos mercados globais. A este respecto, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica pasa a ter catro subdireccións, xa que a estas tres se engade a de Acuicultura xa existente.

Estas melloras da estrutura da Consellería do Mar e a adopción de medidas para elevar a súa eficiencia van en beneficio dos administrados, pois contribúen a resolver en menor tempo as cuestións que poidan xurdir no desenvolvemento da súa actividade. Así, o departamento dependente da Xunta pretende seguir optimizando a xestión relacionada cun sector que proporciona preto do 5 % do produto interior bruto de Galicia e que ten relación con máis do 90 % das ramas de actividade económica da Comunidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSTRUIRÁ UNHA CAFETARÍA E RENOVARÁ OS BAÑOS PÚBLICOS DA ETEA DE VIGO NO MARCO DO PLAN DE ACTUACIÓNS 2022-2025

- O programa de accións nestes terreos conta cun orzamento de preto de 49 M€ entre iniciativas xa en execución e as programadas para estes catro anos
- Ao abeiro deste Plan vaise finalizar a reparación do campo de baloncesto, mellorar o sistema de iluminación ou iniciar as obras dunha residencia para maiores
- A Xunta segue pendente de que o concello de Vigo poña á súa disposición os terreos para a urbanización do PS-1 que permitirá crear espazos verdes, sendas peonís e mellorar o peirao e o acceso á praia

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión semanal o Plan de accións nos antigos terreos da Escola de Transmisións e Electrónica da Armada (ETEA) de Vigo para o período 2022-2025, que conta cun orzamento de preto de 49 millóns de euros entre as actuacións xa en execución e as programadas para estes catro anos. Entre as actuacións máis inmediatas analizadas hoxe destacan a construción dunha cafetería e a renovación dos baños públicos dos edificios existentes na ETEA.

O obxectivo do Goberno galego é seguir traballando para converter os terreos da ETEA nun espazo de referencia no eido tecnolóxico, de investigación e docencia –a través do campus científico-tecnolóxico do mar–, pero tamén nun lugar para a práctica de deporte ou de desfrute para todos os vigueses.

No documento hoxe analizado polo Consello prevese a licitación dunha cafetería –con vistas á enseada de Teis– nun dos edificios xa existentes en canto finalice o estudo encargado sobre a construción e viabilidade deste proxecto e a renovación dos baños públicos, unhas obras que comezarán en xaneiro do 2023.

Pero, ademais, o Goberno galego ten xa en execución ou programadas outras actuacións na ETEA como a reparación do campo de baloncesto –a previsión é que as obras estean rematadas na primeira quincena deste mes–; as melloras na iluminación que se realizarán no primeiro trimestre de 2023; o inicio da construción dunha residencia para maiores con 150 prazas, financiada pola Fundación Amancio Ortega, ou as obras de urbanización do PS-1. Neste último caso a previsión é a recuperación da praza de Armas como espazo público para os vigueses, potenciar a circulación peonil e de ciclistas, así como melloras nas zonas verdes, no peirao e nos accesos á praia. Para iso, é preciso que o Concello de Vigo poña á disposición da Administración autonómica estes terreos, que solicitou a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) en varias ocasións durante 2021 e este ano sen que ata a data se teña recibido contestación por parte da entidade local.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS ALOXAMENTOS TURÍSTICOS GALEGOS POR IMPORTE DE 7,8 MILLÓNS DE EUROS

- A axuda modularase en función dos obxectivos de eficiencia enerxética acadados, poderá chegar ata un 90 % do investimento cunha axuda máxima de 150.000 €
- As axudas están destinadas a hoteis, pensións, establecementos de turismo rural, albergues turísticos e apartamentos turísticos
- As axudas poderanse solicitar a partir do día seguinte ao da publicación no DOG ata o día 30 de marzo de 2023

O Consello da Xunta aprobou as bases para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, para optar ás subvencións para a realización de actuacións de eficiencia enerxética en edificios completos cuxo uso sexa o aloxamento turístico e nas que están incluídos hoteis, pensións, establecementos de turismo rural, albergues turísticos e apartamentos turísticos. Estas axudas están dotadas cun crédito de 7,8 millóns de euros.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as pequenas e medianas empresas, que se encadren como persoas físicas ou xurídicas de natureza privada que sexan propietarias de edificios destinados a aloxamento turístico, así como empresas explotadoras, arrendatarias ou concesionarias de edificios destinados a este mesmo fin. Deberán estar inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia.

As actuacións subvencionables deberán realizarse en edificacións existentes e construídas con anterioridade ao 1 de xaneiro 2007, sempre que sexan edificios completos cuxo uso sexa o aloxamento turístico. Só se admitirá unha solicitude por establecemento.

As actuacións deberán alcanzar as dúas seguintes condicións: unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable do 30 % respecto á situación de partida; e a mellora da cualificación enerxética total do edificio en, polo menos, unha letra medida na escala de emisións de dióxido de carbono (kg CO₂/m² ano). Este último criterio non será de aplicación cando o edificio acredite ter unha cualificación enerxética A.

As actuacións subvencionables son a mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica; a mellora da eficiencia enerxética e uso de enerxías renovables nas instalacións térmicas de calefacción, climatización, refrixeración, ventilación e auga quente sanitaria, incluída a instalación de redes de calor e frío alimentadas por fontes de enerxía

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

renovable e/ou calor residual para complexos turísticos de varios edificios, así como a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación.

As axudas poderanse solicitar a partir do día seguinte ao da publicación no DOG ata o día 30 de marzo de 2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA A CONSTRUCIÓN DUN NOVO AUDITORIO MUNICIPAL EN RIBEIRA CUNHA ACHEGA DE 200.000 EUROS

- O Consello aprobou o proxecto de acordo polo que se autoriza a formalización dun convenio entre a Administración autonómica e o Concello
- O obxectivo é proporcionarlle á cidadanía un espazo multifuncional para a prestación de servizos socioculturais de xeito accesible e sustentable

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Proxecto de acordo para a formalización dun convenio entre a Administración autonómica e o Concello de Ribeira para a construción dun novo auditorio municipal que lle dea servizo a esta localidade e á súa contorna. O Goberno galego colaborará na infraestrutura cunha achega de 200.000 euros en diferentes anualidades ata 2024.

O obxectivo é proporcionarlle á cidadanía un espazo multifuncional para a prestación de servizos socioculturais de xeito accesible, sustentable e eficiente desde o punto de vista enerxético. O novo edificio situarase nunha superficie superior aos 1.300 metros cadrados e disporá de vestíbulo, unha sala principal con cabida para case 500 persoas e unha sala polivalente para 120 persoas, ademais dun espazo de ensaios ou usos múltiples. A maiores, acondicionarase a zona verde contigua a prol de integrar a nova dotación na contorna.

O convenio enmárcase no compromiso do Goberno galego coas administracións locais, como entidades máis próximas á veciñanza e principais motores de desenvolvemento económico e de dinamización sociocultural. Nesta liña, desde a Xunta apóstase a prol da mellora dos servizos e das infraestruturas municipais. Trátase así de garantir o equilibrio no territorio, entre o medio rural e o urbano, o interior e a costa, para impulsar o desenvolvemento económico e que a cidadanía teña unhas óptimas condicións de vida con independencia do seu lugar de residencia.

A sinatura de acordos destas características permite, ademais, complementar as liñas de axudas postas en marcha pola Xunta para os concellos, como a Orde de infraestruturas de uso público ou o Fondo de Compensación Ambiental, dúas medidas que se consolidan nos orzamentos de 2023 cun investimento de 3,5 e 11,3 millóns de euros, respectivamente. Cómpre sinalar que a maiores o vindeiro ano se porá en marcha unha liña de apoio á eficiencia enerxética, dotada con 2,6 M€.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A CREACIÓN DE 136 NOVOS POSTOS PERMANENTES DE ORIENTACIÓN LABORAL E PROSPECCIÓN EMPRESARIAL PARA O SERVIZO DE EMPREGO DE GALICIA

- Preciso que se destinarán un 5 millóns de euros a financiar a incorporación destes profesionais, fundamentais para o fomento da empregabilidade
- A medida insírese no proceso de modernización do Servizo Galego de Emprego, que pasa pola mellora das oficinas, a súa dixitalización e a formación do persoal
- O Goberno galego quere reforzar a atención a persoas con maiores dificultades para acceder ao mercado laboral: mozas e mozos ou persoas paradas de longa duración
- As e os profesionais incorporaranse ás oficinas de emprego das catro provincias e aos servizos centrais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta creará un servizo “propio e permanente” de orientación laboral e prospección empresarial que estará integrado por 136 orientadores, grazas a un investimento de arredor de 5 millóns de euros aprobado hoxe polo Consello do Goberno galego.

Co visto e bo á modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade incorporaranse os profesionais necesarios para optimizar os apoios que se veñen prestando desde o servizo de emprego de Galicia. Trátase de ampliar o servizo de orientación con carácter xeral e permanente e consolidar a atención que se dispensa ás persoas usuarias.

O obxectivo da medida pasa polo reforzo da atención de colectivos prioritarios na busca da súa empregabilidade, como mozas e mozos ou parados de longa duración.

Os 136 postos estarán repartidos nas 53 oficinas de emprego das correspondentes xefaturas territoriais de Promoción do Emprego da Xunta, que verán incrementado o seu persoal nun 25 %: 46 técnicos medios de orientación estarán destinados en oficinas da Coruña; 16 en Lugo; 18 en Ourense; 50 en Pontevedra; e os 6 restantes traballarán directamente no servizo de orientación laboral e o de intermediación da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

Todas as oficinas recibirán, deste modo, persoal adicional para reforzar os servizos de orientación, para potenciar a captación de ofertas de emprego e favorecer a comunicación co tecido empresarial.

Este reforzo de profesionais alimentará a rede existente en Galicia, moito máis extensa e que acada con estes 136 profesionais os 666 postos, ao contar a maiores con 268

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

orientadores laborais subvencionados en concellos, entidades sen ánimo de lucro e organizacións empresariais e sindicais, 220 axentes de desenvolvemento local e 42 axentes de emprego en entidades sociais, que exercen un labor fundamental no apoio á empregabilidade de galegas e galegos.

Modernización do servizo galego

Tras a celebración do Consello da Xunta, Rueda subliñou que esta medida se enmarca no “amplo proceso de modernización” que a Xunta está a acometer para facer máis accesibles, máis próximos e máis dinámicos os seus servizos de emprego co obxectivo último de mellorar a empregabilidade de galegas e galegos, mediante a mellora da cualificación profesional ao longo da vida, a través dunha formación flexible e adaptada ás necesidades do mercado e cunha orientación e asesoramento personalizados.

Neste contexto, o presidente da Xunta indicou que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade está a renovar, nalgúns casos adquirindo novas infraestruturas, as oficinas de emprego, cun investimento previsto en 2023 de 3,3 millóns de euros. Tamén se completará a dixitalización das oficinas cun novo software baseado nas novas tecnoloxías para identificar as necesidades do mercado en tempo real e lanzarase unha nova oferta formativa para o persoal do servizo. O I plan formativo lanzou en 2022 un total de 900 prazas, que se cubriron con éxito, para a mellora de competencias en asuntos como a atención ao público, a xestión de demandas e ofertas de emprego, inscricións de persoas estranxeiras, etc.

Rueda salientou o feito de que a Xunta acaba de completar o proceso de creación dun distrito único para os servizos de emprego, unha figura que considerou que supoón un “avance moi importante”. Así, puxo en valor que, deste xeito, as entidades empregadoras poden presentar e tramitar ofertas en calquera sede, independentemente do lugar onde se localice o posto convocado. As persoas demandantes de emprego xa podían dirixirse a calquera oficina desde o pasado maio para realizar xestións e inscribirse nelas.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, por outra banda, está a asinar protocolos con entidades empresariais referentes –fixo o mesmo coa Confederación de Empresarios de Galicia e a Cámara de Comercio da Coruña– para que se adhiran ao sistema de difusión de ofertas de emprego e poidan tramitalas a través das diversas canles de que dispón o Servizo Galego de Emprego, o que facilita a cobertura de vacantes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA CON 15 M€ ADICIONAIS A FORMACIÓN PARA DESEMPREGADOS, QUE SUPERA OS 64,5 M€ NA EDICIÓN 2022-23, PARA CUALIFICAR MÁIS DE 21.500 PERSOAS

- O Goberno galego incrementa as accións de formación para desempregados (AFD) nun 45,7 % con respecto a 2021-2022, o que permitirá a realización de preto de 1.430 cursos
- A media de inserción laboral das alumnas e alumnos que participaron nos cursos nas últimas convocatorias foi do 60 %
- Refórzanse as actuacións en competencias clave e naquelas especialidades con maior demanda ou maiores perspectivas de emprego
- Promoción do Emprego e Igualdade continúa a potenciar a formación para o emprego nos orzamentos de 2023, que inclúen 104 millóns para seguir mellorando a capacitación das persoas ocupadas e sen emprego e para implicar as empresas no proceso formativo
- A Axenda galega de capacidades para o emprego busca dar resposta ás necesidades formativas das galegas e galegos e á demanda do traballo que precisa o tecido produtivo

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha ampliación de crédito en 15 millóns de euros para as accións formativas para desempregados (AFD) na súa edición 2022-2023, polo que esta iniciativa contará en global con máis de 64,5 millóns de euros (un incremento do 45,7 % con respecto a 2021-2022) para realizar preto de 1.430 cursos nos que cerca de 21.700 persoas sen emprego poderán mellorar a súa cualificación.

Poden acceder a estas accións as persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulamento temporal de emprego (ERTE), suspensións dos contratos de traballo ou por reducións de xornadas por causas económicas técnicas, organizativas ou de produción ou derivadas de forza maior. Aínda que os cursos van dirixidos principalmente a persoas desempregadas, admítese tamén a participación de ata un 30 % das persoas traballadoras ocupadas, sempre e cando esta porcentaxe non se cubra con traballadores desempregados. Poden tomar parte tamén as persoas demandantes de servizos previos ao emprego.

As alumnas e os alumnos que desexen participar nestas accións poden facelo a través das oficinas de emprego, mediante solicitude ás propias entidades de formación beneficiarias da axuda autonómica e/ou directamente por medio da web <https://emprego.xunta.gal>.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Administración autonómica avoga pola formación para desempregados, unhas accións que contaron nas últimas convocatorias cunha media de inserción do 60 %, é dicir, que seis de cada dez persoas que toman parte nestas actuacións acceden ao mercado laboral.

Nesta convocatoria das accións formativas para persoas desempregadas (AFD) continúaase a dar un pulo á teleformación e á aula virtual como modalidades de cualificación e estanse a reforzar os cursos destinados á obtención de competencias clave ou especialidades formativas conducentes á obtención de certificados de profesionalidade con validez en todo o Estado e acordos coas necesidades que demanda o tecido produtivo.

En concreto, resérvase un 10 % do orzamento para o financiamento de cursos en competencias clave e un 40 % para aquelas especialidades formativas con maior demanda ou con maiores perspectivas de emprego, seguindo a liña da Axenda galega de capacidades para o emprego. Esta estratexia autonómica busca mellorar tanto a cualificación profesional das galegas e galegos como a competitividade das empresas. Do que se trata é de dar resposta ás necesidades daquelas galegas e galegos que precisan mellorar o seu nivel de formación e de incorporar as empresas ao proceso formativo para dar resposta á demanda de traballo, casando oferta con demanda.

Formación para 2023

Para iso, a Xunta, de cara a 2023, incrementa o orzamento destinado a formación para o emprego e orientación laboral nun 9,6 %, ata chegar aos 202,2 millóns de euros, para seguir mellorando a capacitación das mulleres e dos homes que o precisen. Trátase do 47 % da contía global do orzamento da Consellería (432 millóns) para o vindeiro ano.

Dos 202,2 millóns de euros, un total de 104 investiranse no novo Plan galego de formación para o emprego con que o Goberno galego seguirá impulsando unha formación dual e flexible, adaptada ás tendencias do tecido produtivo e ao actual mercado laboral. Contará cun 26,8 % máis ca no exercicio anterior para chegar a máis xente e con mellores programas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELABORA UN MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS EN SOLO RÚSTICO PARA O SEU COÑECEMENTO E POSTA EN VALOR URBANÍSTICO

- A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística recompila nun mesmo documento as principais consultas recibidas nos seus 15 anos de funcionamento sobre os usos e actividades permitidos neste tipo de terreos, que comprenden o 93% do territorio
- Cunha linguaxe clara, próxima e accesible, a nova guía ten un carácter eminentemente divulgativo e busca afondar no coñecemento da normativa urbanística ante as dúbidas e inquiredanzas que xera entre a cidadanía
- A posibilidade de construír piscinas, casetas ou invernadoiros en solo rústico, as características de peches e valados nestes terreos ou as obras permitidas en edificios tradicionais son algúns dos aspectos que se recollen e analizan no manual
- Publicarase este mesmo ano e estará dispoñible tamén en formato dixital nas páxinas web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da APLU

A Xunta ultima a elaboración dun manual de boas prácticas urbanísticas en solo rústico —o primeiro destas características— co dobre obxectivo de poñer en valor as potencialidades deste tipo de terreos tan presentes en Galicia e á vez, contribuír ao seu coñecemento e a resolver as dúbidas que teñen os cidadáns sobre os usos, actividades e actuacións que se permiten nos mesmos.

A tal fin, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, recompilou nun único documento as principais suxestións, consultas e inquiredanzas recibidas ao respecto durante os seus 15 anos de funcionamento para tentar dar resposta ás mesmas e, á vez, incrementar o coñecemento que se ten sobre as prácticas e construcións que están permitidas no solo rústico, que en Galicia comprende o 93% do territorio.

A complexidade da lexislación urbanística dificulta ás veces que a cidadanía teña uns coñecementos básicos sobre a materia, sobre todo nas zonas rurais onde o territorio se atopa maioritariamente baixo esta cualificación. Por iso, a guía aprobada hoxe polo Consello da Xunta nace co fin de aumentar o coñecemento xeral dos galegos neste eido, aínda que se porá á disposición tamén dos operadores públicos e privados do sector.

Baixo o título *Manual de boas prácticas en solo rústico para o seu coñecemento e posta en valor urbanístico*, o documento busca divulgar, cunha linguaxe clara, próxima e accesible para calquera cidadán, cales son os usos e actividades que se poden realizar nestas zonas, así como aqueles que non están permitidos e as razóns.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Poténciase, deste xeito, a posta en valor da riqueza que ten o solo rústico para o medio rural galego a través do coñecemento das súas potencialidades e da concienciación sobre a necesidade de preservar os seus valores a través dunha xestión sustentable.

Grazas a esta nova ferramenta divulgativa, a cidadanía poderá coñecer cal é o procedemento para executar construcións e instalacións agrícolas, gandeiras, turísticas, de ocio ou de telecomunicacións en solo rústico; cales son os tipos de obras admisibles en edificacións de carácter tradicional, anteriores ao ano 1975; ou os motivos polos que se prohiben as edificacións prefabricadas de tipo *móbil-home* nestes terreos, cuestión que ten suscitado un gran interese e numerosas consultas por parte dos cidadáns.

En concreto, no manual aclárase que é posible construír piscinas, casetas para gardar apeiros agrícolas e animais, invernadoiros e outro tipo de construcións en solo rústico, así como os requisitos para poder facelo; concréntanse as características —altura máxima, materiais, etc.— que deben ter os peches destinados a valar este tipo de terreos; e detállanse as obras —de reforma, rehabilitación, reconstrución e mesmo ampliación— que se permite realizar sobre edificacións tradicionais e as súas condicións e limitacións.

Así mesmo, no relativo ás actividades económicas permitidas, detállase que si poden acoller cunha serie de condicionantes instalacións de tipo turístico e de lecer, como é o caso da práctica de certos deportes organizados, a acampada por un día ou construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que potencien o medio onde se localizan.

O novo manual —en cuxa elaboración colaborou tamén a Universidade de Santiago de Compostela—, publicarase en papel antes de que remate o ano e estará dispoñible ademais para a súa consulta en formato dixital nas páxinas web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da APLU.

Obxectivos básicos da APLU

Este documento de boas prácticas en solo rústico enmárcase nun dos principais obxectivos cos que foi constituída en 2007 a APLU, organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e cuxos fins básicos son asesorar e asistir ás administracións públicas adheridas e colaborar na divulgación e mellora do coñecemento sobre a ordenación territorial e o urbanismo.

Neste sentido, a iniciativa pode enlazarse con outras accións de carácter divulgativo promovidas pola APLU nos últimos anos, como pode ser o chamado Proxecto Terra, un programa dirixido á comunidade escolar e que se desenvolve nos propios centros educativos en colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Ademais, a publicación deste manual sumarase tamén ao labor de asesoramento que fan os técnicos do organismo autonómico á cidadanía e aos concellos, especialmente no

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

caso dos 94 que están adheridos á Axencia, aos que se lles presta asistencia continua para a resolución de consultas e dúbidas relacionadas, sobre todo, co solo rústico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ EN XANEIRO POR 2 M€ AS AXUDAS A PARTICULARES E CONCELLOS PARA CORRIXIR IMPACTOS PAISAXÍSTICOS EN VIVENDAS, EDIFICIOS E EQUIPAMENTOS

- Os propietarios poderán acceder a incentivos de ata 3.000 € para mellorar o aspecto exterior dos seus inmobles e as entidades locais terán á súa disposición un máximo de 40.000 € para actuar en dependencias municipais e outras construcións públicas
- Na convocatoria de 2023, as entidades locais terán a opción de solicitar o cobro dun anticipo de ata o 70% da axuda para facilitar o inicio e a execución das actuacións
- Outra das novidades será que os particulares poderán xestionar as súas solicitudes a través de asesorías, xestorías ou asociacións veciñais con personalidade xurídica, unha medida que busca facilitar ao máximo a tramitación e o acceso aos fondos
- Desde a posta en marcha da medida en 2021, o Goberno galego xa apoiou a máis de 100 entidades locais e a case 1.500 particulares na execución de actuacións que contribuíron a fomentar a cultura do *fermosismo* nun total de 262 concellos galegos

A Xunta convocará en xaneiro dúas resolucións de axudas dirixidas por un lado a propietarios particulares e por outro a concellos co fin de apoialos na execución de actuacións destinadas a corrixir os impactos paisaxísticos provocados en vivendas e construcións privadas, edificios e equipamentos públicos de titularidade municipal debido ao paso do tempo ou a unha mala conservación. O orzamento inicial reservado para ambas convocatorias ascenderá a 2 millóns de euros.

Por terceiro ano consecutivo e tras recibir esta mañá a aprobación do Consello, o Goberno galego volverá apostar por estas subvencións, un programa pioneiro impulsado en 2021 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través do Instituto de Estudos do Territorio (IET) e cuxas dúas anteriores convocatorias tiveron unha moi boa acollida tanto por parte dos cidadáns como polas entidades locais galegas.

En concreto, os propietarios poderán acceder a incentivos de ata 3.000 euros para mellorar o aspecto das súas vivendas e doutras construcións, como muros de peche, mentres que as entidades locais terán á súa disposición un máximo de 40.000 euros para actuar sobre edificios e dependencias destinadas a servizos municipais —liña 1— ou sobre construcións, equipamentos públicos e bens que integren o patrimonio etnográfico local —liña 2— que polo seu aspecto ou deterioro produzan unha distorsión na contorna natural ou urbana onde se localizan.

As contías máximas previstas en ambas ordes de axudas permitirán cubrir ata o 70% do orzamento do investimento subvencionable de forma que, na práctica, se mobilizarán preto de 2,9 millóns de euros grazas á concesión destes incentivos que buscan incidir na cultura do *fermosismo* impulsada pola Xunta a través da sensibilización cidadá e da colaboración con outras administracións públicas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, estímase que grazas aos 2 millóns de euros cos que estarán dotadas inicialmente ambas liñas —1 millón de euros cada unha— se poderá axudar a máis de 50 municipios e a case 400 cidadáns a mellorar a imaxe exterior dos seus inmobles.

Este orzamento, en todo caso, é susceptible de experimentar posibles ampliacións en función do número de solicitudes que se reciban. Por iso, e tendo en conta os bos resultados das dúas convocatorias anteriores, nas que se esgotou o crédito dispoñible, a Consellería seguirá apostando por incrementar esta dotación inicial.

Novidades convocatorias 2023

En base á experiencia dos anos anteriores, nesta terceira convocatoria das axudas para a corrección de impactos paisaxísticos simplificaranse aínda máis os trámites e a documentación a presentar, ao tempo que se clarificarán os bens e obras concretas que poderán ser obxecto de subvención.

No caso das entidades locais, os concellos que resulten beneficiarios terán a opción de solicitar o cobro dun anticipo de ata o 70% da axuda. Esta medida facilitará o inicio e a execución das actuacións aos municipios xa que no propio momento da resolución de outorgamento da axuda, lles será aprobado o anticipo.

Outra das novidades da convocatoria de 2023 será que os particulares que estean interesados poderán xestionar as súas solicitudes a través de entidades xurídicas como poden ser asesorías, xestorías ou asociacións veciñais, unha medida que busca facilitar ao máximo a tramitación e o acceso aos fondos consignados.

En canto aos tipos de intervencións subvencionables, no caso da liña dirixida a particulares simplifícanse ata reducirse a tres: fachadas, cubertas e muros de peche. E no caso das actuacións promovidas polos concellos, estas poderán ser obras de índole menor que melloren o aspecto e a conservación de elementos tales como fontes, lavadoiros, palcos de música ou hórreos, ou ben incidir na renovación ou no remate exterior de fachadas, cubertas e muros de cerramento de edificios municipais.

Ambas convocatorias sairán publicadas a mediados do mes de xaneiro co fin de que tanto os particulares como as administracións locais interesadas poidan dispoñer de máis tempo para executar e xustificar todas as actuacións obxecto de subvención.

Aposta polo *fermosismo*

Desde que o IET convocou por primeira vez as axudas para a corrección de impactos paisaxísticos o interese despertado entre os seus potenciais beneficiarios foi en aumento, ata o punto de que a pesar de incrementar de forma notable o orzamento dispoñible no ano 2022, os fondos de ambas liñas se esgotaran.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No marco das dúas convocatorias anteriores, a Xunta xa apoiou a máis dun cento de entidades locais e a case 1.500 particulares na execución de obras e actuacións que contribuíron a fomentar a cultura do *fermosismo* nun total de 262 concellos, o que representa case o 84% dos municipios galegos e fai que a medida tivera un impacto positivo en practicamente toda a Comunidade.

Ademais, as axudas concedidas suman 5,6 millóns de euros aínda que o investimento total mobilizado neste período supera os 8 millóns tendo en conta que tanto os concellos como os particulares que resultaron beneficiados tiveron que completar a axuda ata cubrir o 100% do orzamento das obras.

Cómpre subliñar que a paisaxe é un elemento que contribúe a mellorar a calidade de vida e o benestar dos cidadáns xa que a contorna das persoas inflúe notablemente na súa actividade diaria; por iso resulta clave protexer a diversidade paisaxística de Galicia.

Neste sentido, coa nova convocatoria destas liñas de subvencións promóvese unha cultura de dignificación do territorio galego no que a participación da sociedade resulta estratéxica, fomentando o coidado da riqueza paisaxística e avanzando na aposta da Xunta polo *fermosismo*. Ademais, tamén se desenvolve un dos obxectivos previstos no Plan estratéxico da paisaxe galega 2021-2024: realizar accións concretas de protección, potenciación e mellora das paisaxes, así como formar, sensibilizar e educar na materia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO DOS HOSPITAIS E CENTROS DE SAÚDE DA ÁREA DA CORUÑA E CEE POR 3.365.663 EUROS

- A licitación, cunha duración de 2 anos e un valor estimado de máis de 7,5 millóns de euros, busca que o equipamento dos centros dependentes da área sanitaria se atope nas mellores condicións de operatividade e de uso
- O contrato inclúe por primeira vez o equipamento da nova área cirúrxica do CHUAC e o equipamento da nova Central de Esterilización, así como novos medios materiais e accesorios

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo integral de mantemento e primeira intervención dos equipos e instalacións para o coidado da saúde e equipamento clínico complementario instalado nos hospitais e centros de saúde dependentes da área sanitaria da Coruña e Cee por importe total de 3.365.663 euros e por un período de 2 anos.

A licitación, cunha duración de 2 anos e un valor estimado de máis de 7,5 millóns de euros, busca que o equipamento dos centros dependentes desta área sanitaria estea nas mellores condicións de operatividade e de uso. Este contrato inclúe, ademais por primeira vez, o equipamento da nova área cirúrxica do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC), así como o da nova Central de Esterilización. Tamén prevé novos medios materiais e accesorios, como dispositivos móbiles para a xestión do mantemento en tempo real, sistemas de información e equipamento informático.

O contrato autorizado hoxe persegue, ademais de que os equipos para o coidado da saúde instalados nos diferentes centros da área sanitaria da Coruña e Cee estean no mellor estado de operatividade, minimizar os períodos de parada destes ante posibles eventualidades, así como garantir a continuidade das prestacións para unha mellor práctica asistencial dos doentes.

No que atinxe á renovación do equipamento de alta tecnoloxía sanitaria nesta área, que se está a acometer desde hai uns meses a través dos fondos Next Generation, e que se completará no primeiro semestre de 2023, cómpre destacar: a renovación de 5 TAC (1 en Cee, 1 en Abente e 3 no HUAC); 1 resonancia no HUAC; 2 salas de hemodinámica; 1 sala de vascular e 1 sala de neurorradioloxía. O investimento total é de 8.422.097 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE OPERACIÓN TELEFÓNICA DE URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061 POR UN IMPORTE DE 10,2 MILLÓNS DE EUROS

- A Central de Coordinación recibiu máis de 1.150.000 chamadas ao longo do ano 2021, o que supón unha media diaria de 3.172 chamadas
- O 40 por cento dos procesos asistenciais xerados o pasado ano resolvéronse sen necesidade de mobilizar recursos

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2022.- A Xunta de Galicia autorizou hoxe, na reunión do Consello, a contratación do servizo de operación telefónica (contact center) da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 por un importe de 10.271.176,88 € para o período 2023-2026.

A contratación deste servizo facilitará o acceso inmediato do cidadán ao sistema galego de saúde e ao servizo 061 desde o lugar no que se atope; asegurará a resposta máis axeitada á demanda sanitaria, tanto se necesita unha consulta como se se trata dunha urxencia ou emerxencia sanitaria, e permitirá responder con tempos adecuados a todas as demandas sanitarias. Ademais establecerá un sistema de control e seguimento do servizo e posibilitará manter o elevado nivel de satisfacción amosado polos usuarios de Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Así mesmo, a través da contratación do servizo de operación telefónica adecuarase o dimensionamento do persoal locutor e teleoperador acorde á evolución da demanda dos cidadáns e das horas reais de prestación do servizo en cada un dos anos nos que estea vixente.

Entre as melloras incluídas nesta contratación destacan as medidas de control do servizo que se realizarán a través da fixación duns estándares de calidade que no caso de incumprimento darán lugar a un sistema de penalidades á empresa adxudicataria. Ademais, os criterios de adxudicación contemplan melloras como o servizo de teletradución ou dunha bolsa de horas para reforzos ou situacións imprevistas.

Deste xeito, a contratación do servizo de operación telefónica da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 garante a atención telefónica do persoal teleoperador e locutor da Central de Coordinación que ao longo do ano 2021 recibiu máis de 1.150.000 chamadas, o que supón unha media diaria de 3.172 chamadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As chamadas recibidas na Central de Coordinación do 061 no ano 2021 xeraron un total de 493.743 procesos asistenciais, o 40 por cento dos cales resolvéronse sen necesidade de mobilizar recursos, mentres que o 60 por cento restantes necesitaron da mobilización.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGARÁ MÁIS DE 900.000 EUROS A COGAMI PARA DESENVOLVER O PROGRAMA INTEGRAL DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Refórzanse os servizos que a entidade estaba a desenvolver no Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi), como fisioterapia, estimulación da memoria, neuropsicloxía ou logopedia

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe un acordo coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) de máis de 900.000 euros para continuar desenvolvendo o programa integral de atención a persoas con discapacidade que a entidade realiza na zona de rehabilitación do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi), en Santiago de Compostela.

Este convenio permite seguir cun servizo innovador posto en marcha por primeira vez no 2018 e que desde entón atendeu máis de 150 persoas entre 3 e 60 anos para axudalos a mellorar na súa autonomía persoal e na plena integración social.

Ao abeiro deste plan integral de actuación, profesionais do ámbito da discapacidade traballan desde unha perspectiva multidisciplinar, pois os participantes contan con fisioterapia e rehabilitación; con estimulación sensorial e neuropsicloxía, para mellorar as funcións cognitivas tras ser danadas; con terapia ocupacional, para axudalos na realización de tarefas cotiás; ou con logopedia.

A Xunta de Galicia ten un compromiso coa atención á discapacidade. Por esa mesma razón destinará para o vindeiro 2023 máis de 165 millóns de euros a este eido. Isto é máis do dobre que o que se dedicaba a este ámbito en 2009, cando os fondos eran de 65 millóns de euros. Con este esforzo orzamentario o Goberno galego incrementou un 25 % as prazas públicas de atención diúrna e residencial e multiplicou por 13 a cobertura do servizo de atención temperá, entre outros aspectos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA ALGO MÁIS DE 550.000 EUROS Á SEGUNDA FASE DO PLAN EXTRAORDINARIO DE REPARACIÓN DE CAMIÑOS DA COMARCA DA LIMIA

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe o inicio da segunda fase do convenio de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e os municipios desta bisbarra ourensá para arranxar uns 17 quilómetros de 12 vías que afectan nove concellos desta comarca
- Priorízanse aqueles camiños localizados en concentracións parcelarias, os que dan acceso a un maior número de parcelas agrícolas ou explotacións agrarias e aqueles que teñan unha maior intensidade media diaria de vehículos agrícolas

O Consello da Xunta autorizou hoxe o inicio da segunda fase do Convenio de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e os concellos da comarca da Limia para levar a cabo as actuacións enmarcadas no Plan extraordinario de reparación de camiños, cun orzamento de algo máis de 550.000 euros. A través desta segunda fase repararanse uns 17 quilómetros de 12 camiños empregados, fundamentalmente, polos agricultores e gandeiros dos concellos de Baltar, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio e Xinzo de Limia.

Neste senso, cabe lembrar que a Consellería iniciou a finais do pasado ano 2021 o dito Plan extraordinario de reparación de camiños da comarca da Limia, dotado cun orzamento inicial de 600.000 euros de fondos propios da Consellería.

Así, os técnicos da Consellería analizaron a rede viaria da comarca, a cal conta cun total de 4.718 quilómetros repartidos en 12 concellos, e identificaron os camiños máis utilizados polos agricultores e gandeiros locais que deberían ser obxecto de melloras. Os municipios beneficiarios desta colaboración son os de Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, A Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo de Limia e Xunqueira de Ambía.

Os camiños seleccionáronse en función dunha serie de criterios previamente marcados, que pasan por priorizar aquelas vías localizadas en concentracións parcelarias, aquelas que dan acceso a un maior número de parcelas agrícolas ou explotacións agrarias e, en terceiro lugar, aquelas que teñan unha maior intensidade media diaria de vehículos agrícolas ou con tramos cunha lonxitude mínima de 100 metros que estean en peores condicións. En calquera caso, todos os camiños seleccionados son de titularidade municipal. As obras de acondicionamento que se levarán a cabo consistirán en limpar as gabias e a vexetación presente no camiño, en rehabilitar obras de fábrica xa existentes e en varrer e tapar as zonas que o precisen.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, este convenio forma parte do Plan extraordinario de mellora de infraestruturas da comarca da Limia, dentro do cal tamén participa a Deputación de Ourense, que colabora cos concellos poñendo á súa disposición maquinaria para o arranxo doutros camiños.

Así, cabe sinalar que estas obras de acondicionamento de camiños veñen completar o conseguido ata o de agora para esta comarca ourensá, tras intensas negociacións co Goberno central. Nesta liña, grazas á colaboración institucional liderada pola Xunta, vaise investir un total de 39 millóns de euros na potenciación do sector agrario da Limia. Nesta liña, cómpre destacar os 16 millóns de euros que se destinarán á limpeza das canles e dos camiños paralelos a elas, co fin de mellorar a xestión dos subprodutos gandeiros e das augas para evitar e reducir a afectación ambiental das prácticas agrogandeiras actuais nesta bisbarra ourensá.

Doutra banda, outros 15,9 millóns de euros serán para abordar un proxecto de mellora da eficiencia e da sustentabilidade dos regadíos da Limia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia promovido polo Executivo do Estado para facer fronte aos efectos da COVID-19 coa axuda dos fondos europeos Next Generation. Desta cantidade, o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación achegará un 80 % (en total, 12,7 millóns), mentres a comunidade de regantes fornecerá o 20 % restante.

Ademais, a Consellería do Medio Rural achega preto de 6 millóns de euros para completar a rede de pozos do regadío da zona. De feito, xa se están perforando e traballando na preparación de 40 novos pozos comprometidos con catro comunidades de regantes beneficiadas. Así, seis destes pozos serán para a comunidade de San Salvador de Sabucedo, no concello da Porqueira; 13 pozos para a comunidade de Lamas Ganade, no concello de Xinzo de Limia; outros 13 para a de Corno do Monte, nos concellos de Xinzo de Limia e Trasmiras; e 8 pozos para a de Alta Limia, tamén no concello de Xinzo de Limia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ MÁIS DE 4,4 M€ EN AXUDAS PARA FOMENTAR A ELABORACIÓN E A COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS VITIVINÍCOLAS NOS ANOS 2023 E 2024

- Estas achegas, que teñen como finalidade mellorar o rendemento global das empresas do sector vitivinícola e a súa adaptación ás demandas do mercado, así como aumentar a súa competitividade, publicaranse proximamente no DOG
- Poderán beneficiarse as empresas vitivinícolas, as organizacións de produtores vitivinícolas, as asociacións de dous ou máis produtores con personalidade xurídica e as organizacións interprofesionais

A Xunta, a través da Consellería do Medio Rural, convocará axudas para os investimentos en elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas por un importe de 4.432.119 euros, que se executará entre o próximo ano e o 2024. Estas achegas, que avaliou hoxe o Consello do Goberno galego, teñen como finalidade mellorar o rendemento global das empresas do sector vitivinícola e a súa adaptación ás demandas do mercado, así como aumentar a súa competitividade.

As subvencións están financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga). Unha vez publicada a convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), os interesados disporán ata o 31 de xaneiro de 2023 para presentar as súas solicitudes.

Poderán beneficiarse destas achegas as empresas vitivinícolas, as organizacións de produtores vitivinícolas, as asociacións de dous ou máis produtores con personalidade xurídica e as organizacións interprofesionais. Serán subvencionables os custos de construción, adquisición ou mellora de bens inmobles, a compra de nova maquinaria e equipamentos ata o valor de mercado do produto, os custos xerais vinculados aos gastos anteriores, tales como honorarios e estudos de viabilidade, co límite do 8 % do orzamento aprobado para a operación de investimento, así como a adquisición ou o desenvolvemento de soportes lóxicos de ordenador e de patentes, licenzas, dereitos de autor ou o rexistro de marcas colectivas.

As principais finalidades desta convocatoria son, entre outras, as de fomentar a agrupación dos primeiros elos da cadea alimentaria mediante a integración das entidades asociativas e o asociacionismo agrario e impulsar os procesos sustentables desde o punto de vista ambiental a través do aforro de enerxía, da eficiencia enerxética global, da utilización de enerxías renovables e da valorización e tratamento dos residuos.

Preténdese, así mesmo, fomentar a certificación ambiental das instalacións das empresas vitivinícolas, a produción ecolóxica e os produtos acollidos a réximes de calidade e os pagamentos de uva por calidade. Outros obxectivos pasan por favorecer a innovación e a implantación de novos produtos e novas presentacións, polo incremento

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

da dimensión empresarial, pola participación dos viticultores e elaboradores na cadea de valor ou por impulsar os investimentos en comercialización e promover a introdución das tecnoloxías dixitais nas empresas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDARÁ EN 2023 O PROGRAMA BONOS DE INNOVACIÓN PARA QUE MICROEMPRESAS E PEMES GAÑEN EN COMPETITIVIDADE

- Búscase apoiar, especialmente, as empresas que incorporan por primeira vez a innovación na súa estratexia de negocio, mediante a contratación de servizos externos
- Este ano poderán ser beneficiarias as asociacións e fundacións, así como empresas do terceiro sector, dando cabida a actuacións específicas de innovación social
- Como novidade, as pemes que realizan as bonificacións da seguridade social por máis de 10 investigadores poderán contar con estas axudas para cubrir os custos de certificación
- Nesta segunda convocatoria simplifícase máis o proceso de solicitude e inclúese na baremación máis puntuación aos proxectos que se leven a cabo nos concellos emprendedores
- Na primeira convocatoria as axudas chegaron a 66 beneficiarios, dos cales o 67% obtiveron por primeira vez un apoio da Axencia Galega de Innovación

O Consello da Xunta avaliou esta mañá a nova convocatoria dos bonos de innovación, que contarán en 2023 cun orzamento de 750.000 euros, cos que se prevé mobilizar máis dun millón, co obxectivo de impulsar os primeiros pasos para innovar nas microempresas e pemes.

Con estes bonos, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación trata de apoiar, especialmente, as empresas que incorporan por primeira vez a innovación na súa estratexia, así como facilitar as actuacións que leven a cabo. Os bonos de innovación complementan as capacidades das empresas a través da contratación de servizos externos de axentes innovadores para conseguir un salto cualitativo e cuantitativo na súa actividade de I+D+i a curto prazo.

Por unha banda, estas axudas permitirán contratar servizos de apoio á innovación, como actividades de protección á innovación (a través de modelos de utilidades e patentes), xestión e vixilancia tecnolóxica ou accións estratéxicas para desenvolver novos produtos, procesos e servizos, nos cales se inclúen especialmente as accións de deseño. Por outra banda, concederanse bonos para cubrir os custos derivados da tramitación de presentación de axudas de tipo individual ou cooperativo ás convocatorias de I+D+i estatais, europeas e internacionais, así como para a contratación de servizos de apoio para a tramitación de incentivos fiscais á I+D+i, e, como novidade, para bonificacións da seguridade social por máis de 10 investigadores.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As axudas, de concorrência competitiva, cobren o 70 % do custo elixible –agás no caso dos custos de protección de coñecemento, que é do 50 %–, e poden chegar aos 35.000 euros.

Como principais novidades nesta convocatoria, ampliáanse os posibles beneficiarios ás entidades do terceiro sector, sempre que teñan actividade económica. As entidades deberán estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia e carecer de ánimo de lucro, pero contar con actividade económica. Isto permitirá que tanto as empresas coma as asociacións ou fundacións destes ámbitos poidan mellorar os seus servizos á sociedade e, en especial, aos colectivos máis desfavorecidos, a través da innovación social.

Ademais, este ano ampliáanse as actividades obxecto de axuda, incluíndo actuacións de deseño ou as bonificacións de persoal investigador. Para axilizar a tramitación apóstase por unha maior simplificación administrativa e o prazo de solicitude será de dous meses. Por último, as entidades localizadas nos concellos emprendedores da Xunta de Galicia contarán con puntuación adicional segundo os criterios de baremación.

Na primeira edición, os bonos de innovación chegaron a 66 empresas, das cales o 67 % foi a primeira vez que obtiveron axudas da Axencia Galega de Innovación. Este programa verase complementado con outras medidas para as pequenas e medianas empresas, como InnovaPeme e DeseñaPeme, co que se porán á disposición deste tipo de compañías un total de 5,25 M€ no primeiro cuadrimeste de 2023.

Con este tipo de axudas, a Xunta pretende achegar a innovación a todo o tecido empresarial galego, mellorando os seus produtos, servizos e procesos e xerando valor engadido para os consumidores e clientes, así como conseguir un impacto positivo na súa capacidade para crecer e internacionalizarse.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ENXALZA QUE A PRIMEIRA ESTRATEXIA GALICIA RETORNA ENRIQUECEU A SOCIEDADE GALEGA COA INCORPORACIÓN DE 28.000 GALEGOS RETORNADOS DE MÁIS DE 40 PAÍSES DO MUNDO

- Considera que estas cifras “positivas” demostran que este programa foi “todo un éxito” e salienta que outras CC.AA. se teñen interesado por el
- Puxo en valor que o 80 % dos retornados ten menos de 65 anos e o 58,70 % da poboación retornada é menor de 45 anos
- Apunta que as estatísticas de poboación recentemente publicadas dos seis primeiros meses deste ano mostran un saldo migratorio positivo en 12.768 persoas e sulbiña que logra reverter o saldo vexetativo negativo, facendo que Galicia gañe poboación
- As axudas específicas para o retorno da Secretaría Xeral da Emigración favoreceron a posta en marcha de 600 novos proxectos empresariais de retornados, cun impacto dos investimentos en Galicia destes proxectos superior aos 32 M€
- Ofertáronse 1.200 bolsas formativas para que galegos residentes no exterior puidesen facer un máster, dos que o 80 % está a residir e traballar en Galicia
- Creouse a Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno, que ata hoxe deu resposta a 40.000 consultas
- As medidas específicas contaron cunha achega de 25 M€ neste período de cinco anos e as transversais favoreceron a integracións dos retornados, que contaron cun financiamento de 500 M€

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, deu conta do balance da primeira Estratexia Galicia retorna que se levou hoxe ao Consello da Xunta e que cualificou de “todo un éxito”, xa que que “conseguiu lograr o retorno de ata 28.000 persoas de 40 países do mundo, tanto emigrantes como os seus descendentes, especialmente provenientes de América latina”.

Rueda asegurou que esta liña de retorno é “estratéxica” para o Goberno galego partindo da idea do retorno non só como un dereito, senón como unha vantaxe competitiva para incorporar á sociedade galega persoas de distintos países coa súa formación e experiencia profesional, e tamén como unha oportunidade para superar o complexo reto demográfico que ten por diante a nosa Comunidade.

Este instrumento, que integrou as medidas en materia de retorno de toda a Xunta de Galicia, púxose en marcha para o período 2018-2020 e prorrogouse dous anos máis por mor da pandemia do COVID-19, ata o actual 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto aos obxectivos orzamentarios, as medidas específicas contaron con 25 millóns de euros neste período de cinco anos. As medidas transversais superaron os 500 millóns de euros.

Respecto aos obxectivos demográficos, ata 2021 foron 28.000 persoas as que chegaron á nosa Comunidade integrando unha familia galega. Destaca que o 25 % dos membros destas familias non teñen nacionalidade española.

Así mesmo, o presidente da Xunta salientou o feito de que se acadou un saldo migratorio positivo en 2019 en máis de 17.000 persoas, que logrou compensar o saldo vexetativo negativo. "Conseguise así un crecemento da poboación na nosa Comunidade" puxo en valor Rueda.

Nos anos 2020 e 2021, pese á pandemia, tamén contamos cun saldo positivo de máis de 14.000 persoas. Con todo isto, Rueda remarcou que se conseguí un rexuvenecemento da poboación, xa que o 80 % das persoas retornadas ten menos de 65 anos e o 58,70 %, menos de 45 anos.

Por este motivo, cualificou de "moi positivas" estas cifras que considerou que avalan que se trata dun "programa satisfactorio", polo que adiantou que a Xunta de Galicia "vai seguir nesta liña estratéxica e que está a dar bos resultados". Neste senso, puxo en valor que outras comunidades autónomas están interesadas neste programa e teñen pedido "asesoramento" sobre o mesmo.

Tamén é moi importante destacar que as estatísticas de poboación publicadas o 18 de novembro deste mesmo ano, cos datos provisionais do 1º semestre de 2022, destacan que o saldo migratorio neste período foi positivo en 12.768 persoas, o maior da serie histórica dun só semestre, e que, ao igual que en 2019, consegue reverter o saldo vexetativo negativo, facendo que Galicia gañe poboación.

Medidas específicas

Desde a Xunta de Galicia puxéronse en marcha varias medidas específicas para apoiar o retorno. En canto á área de asesoramento e seguimento, creouse o Portal Retorna como canle de información e asesoramento, pioneira en España, que contou neste período con 300.000 visitas. A inicios de 2020 púxose en funcionamento a Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno, co apoio dos fondos FSE, que ata o día de hoxe asesorou e fixo seguimento de máis de 11.000 persoas tanto de xeito presencial coma telemático, e deu resposta a máis de 40.000 consultas, tanto durante o proceso de decisión do retorno, desde os seus países de orixe, como na súa chegada.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na área social, coas axudas de carácter específico (axudas extraordinarias ao retorno da Secretaría Xeral da Emigración) destináronse 9 millóns de euros para facilitar o proceso de integración en Galicia de 3.000 familias, que aglutinaban máis de 8.500 persoas.

No que se refire ás axudas específicas ao emprendemento, apoiáronse 600 novos proxectos empresariais de retornados e creouse para 2021 unha nova liña de axudas de «reforzo COVID».

En canto as retornados emprendedores, a idade media é de 41,2 anos, cun rango que vai desde os 19 e os 79 anos. O impacto dos investimentos en Galicia destes proxectos foi superior aos 32 millóns de euros.

No que se refire á cultura e ao ensino, ofertáronse 1.200 bolsas formativas para que as mozas e mozos galegos residentes no exterior puidesen estudar un máster ou un ciclo de formación profesional superior. Dos alumnos participantes nas primeiras convocatorias máis do 80 % está a residir e traballar en Galicia.

Ademais, foron integrados como colectivo específico os galegos retornados nas axudas para estudantes das universidades galegas que, por causas sobrevidas, teñan dificultades económicas para continuar os seus estudos.

Apoios de carácter transversal

Os diferentes departamentos da Xunta de Galicia tamén contan con iniciativas de apoio ao retorno. A primeira Estratexia Retorna naceu con 50 medidas, que foron aumentando ao longo dos anos ata chegar ás 64.

Así, logrouse a igualdade nas condicións de acceso dos retornados emprendedores a programas como o Galicia rural emprende, Novos emprendedores, Coworking EOI. Todos eles suman un orzamento de máis de 12 millóns de euros. No programa Galicia rural emprende e Novos emprendedores participaron 22 retornados, aos cales se destinaron 980.000 euros.

Na área de I+D+i, desenvolvéronse diversos programas para promover a captación e o retorno de investigadores a Galicia. Algúns destes programas son o Oportunius, Principia, a Rede galega de aceleradoras ou o programa Talento Sénior. Estes programas teñen un orzamento de máis de 9 millóns de euros.

Na área da vivenda, destaca o programa Aluga, no que se recolleu a figura das persoas retornadas como colectivos cualificados, para lograr a igualdade nas condicións de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

acceso das familias retornadas e facilitar o seu acceso. Tamén se lles facilitou o acceso ás axudas para comprar e rehabilitar vivendas ás persoas retornadas, así como as exencións fiscais para estas operacións no rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INFORMA DAS CONCLUSIÓNS DO ESTUDO ELABORADO POLA USC QUE CLARIFICA AS COMPETENCIAS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA E AS ENTIDADES LOCAIS PARA GARANTIR UNHA PRESTACIÓN EFICIENTE DOS SERVIZOS PÚBLICOS

- O presidente do Goberno galego destaca que “a Xunta trasladará” este estudo á Fegamp que desligouse do convenio inicial e elaborou un informe pola súa parte
- O Consello deu conta hoxe das principais conclusións do estudo de delimitación competencial no ámbito da Administración local en áreas como os servizos sociais, o mantemento de centros educativos e sanitarios, a atención ás emerxencias, o medio ambiente ou a promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero
- Co obxectivo de reforzar a autonomía local, a Xunta traballa tamén nunha Cátedra de bo goberno local, nunha nova Lei de Administración local de Galicia, ademais de garantir a participación das entidades locais nos orzamentos autonómicos a través do Fondo de Cooperación Local

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, avanzou algunhas das conclusións do estudo de delimitación competencial no ámbito da Administración local elaborado pola Universidade de Santiago (USC) no marco do convenio asinado en decembro de 2020 e que hoxe analizou o Consello. O texto avalía, entre outros aspectos, ámbitos como os servizos sociais, o mantemento de centros docentes e de saúde, a atención ás emerxencias, o medio ambiente ou a promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero. Partindo das bases establecidas neste estudo, “agora correspondería facer as delimitacións e comezar unha negociación sobre esas bases legais”, indicou Rueda, quen avanzou que a Xunta vai trasladar este estudo á Fegamp.

Rueda explicou que o estudo centrouse nos eidos onde se detectan maiores dificultades de deslinde competencial entre ambas administracións co obxectivo de evitar duplicidades e garantir unha mellor prestación de servizos públicos.

Cómpre aclarar que entre os servizos prestados á cidadanía por parte das entidades locais hai que distinguir entre os que son obrigatorios -os mínimos impostos pola lexislación de réxime local ou por normas sectoriais- e os que asumen de maneira voluntaria con cobertura nas competencias propias ou en habilitacións normativas expresas, nos que nalgúns supostos se dan casos de concorrencia coa Administración autonómica. Isto é, escolas infantís de 0 a 3 anos segundo a titularidade, os centros de menores, ou os servizos do sistema de protección e asistencia integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero e os dirixidos a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo tanto, cando unha entidade local asume de forma voluntaria a prestación dun servizo que a lei non lle obriga, non hai base legal para que esixan a súa asunción á Administración autonómica, con independencia de que a Xunta estea a financiar con transferencias todo tipo de servizos municipais, tanto obrigatorios como voluntarios.

Nesta liña, a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade financeira da Administración local (LRSAL) supuxo unha nova configuración das competencias municipais, posto que, a partir de esta norma, as entidades locais non poden asumir ningunha competencia distinta das propias se non garanten a sustentabilidade financeira da facenda local.

A pesar deste intento por clarificar as competencias locais seguían existindo supostos nos que a distribución de competencias non está ben definida, e durante a xestión da crise da covid-19 xurdiron novas necesidades sociais ás que atenderon as administracións incrementándose o custo da prestación de moitos servizos públicos, motivo polo que se abordou este estudo, que pretende clarificar o espazo competencial das administracións autonómica e local.

Nun principio, o acordo incluía á Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), aceptando mesmo a súa proposta de crear un grupo de traballo, no marco do convenio de colaboración proposto, pero, igualmente, o seu presidente, Alberto Varela, decidiu que a entidade que representa non asinaría o convenio entre a Xunta e a USC, anunciando que crearían o seu grupo de traballo. A Fegamp vén de comunicar o remate dos seus traballos, que non foron remitidos á Xunta, e instou a contrastalos cos resultados do Goberno galego ao non ser posible, debido á súa decisión, de que se puidese acadar unha proposta única e consensuada.

Pola súa parte, o grupo de traballo creado na comisión de seguimento do convenio entre a Xunta e a USC avaliou, en múltiples encontros celebrados ao longo do ano pasado, as competencias en distintos ámbitos con representantes de ambas entidades e expertos, co obxectivo de obter unha análise rigorosa en todos os eidos que permita contar cunha delimitación clara das competencias autonómicas e municipais.

O estudo elaborado como resultado deste acordo é un documento no que participaron todas as consellerías da Xunta no que se realiza unha profunda análise das competencias municipais.

Servizos sociais, educación, saúde, emerxencias e augas

Por unha banda, tal e como explicou o presidente autonómico, "as entidades locais están obrigadas á prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal como a axuda ao fogar", se ben a implantación doutros máis alá desta acepción levaranse a cabo de maneira voluntaria, con base na normativa sectorial anterior a LRSAL ou trala avaliación da sustentabilidade financeira da facenda local.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No caso das escolas infantís, para nenos de 0 a 3 anos, “os custes derivados do funcionamento destes centros serán asumidos pola administración que teña a titularidade”, indicou Rueda.

No ámbito educativo, as entidades locais deben facerse cargo dos gastos de conservación, o mantemento e a vixilancia dos edificios destinados a centros públicos de Educación Infantil, Primaria ou Especial e a Xunta cando se trata de centros que só imparten Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional. “Nos centros cunha impartición mixta como ocorre cos centros integrados, o reparto dos custes é en función da superficie adicada a cada nivel formativo”, explicou Rueda.

Ademais, aínda que a Administración autonómica debe facerse cargo dos gastos de mellora dos edificios escolares, vén asumindo, a través de subvencións e sen estar obrigada a facelo, custos que corresponden aos municipios como os gastos de gasóleo para calefacción ou o servizo de limpeza. No caso dos comedores escolares, encadraríase no ámbito dos servizos sociais de titularidade municipal por ser un recurso complementario ao eido educativo, unha medida tendente a favorecer a conciliación, mentres que o transporte escolar sería de competencia autonómica.

No ámbito sanitario, o estudo recolle que a Administración autonómica ten competencia para asumir centros de saúde de titularidade municipal e substituílos por novos de titularidade do Servizo Galego de Saúde (Sergas), ao igual que nas unidades asistenciais de drogodependencias de titularidade municipal. Pero, no que respecta á situación do persoal municipal dos centros de atención a drogodependencia, a súa integración na Administración autonómica esixirá o cumprimento dos principios legais de igualdade, mérito e capacidade.

No que se refire á atención ás emerxencias, en materia de bombeiros e salvamento e de protección civil e emerxencias, é competencia dos municipios de máis de 20.000 habitantes, e das deputacións provinciais no resto de municipios. Tamén é competencia dos concellos o servizo de socorrismo nas zonas de baño. A Xunta colabora na regulación sobre a súa formación mínima dos socorristas coa aprobación dun decreto en 2012 -actualizado o ano pasado- e coa creación do Rexistro Profesional de socorristas acuáticos de Galicia, ademais de sufragar cursos e a contratación de profesionais.

O estudo recolle ademais que os servizos de abastecemento, saneamento e depuración, son competencias dos concellos, e as deputacións teñen a obriga de apoialos, sobre todo os máis pequenos, pese a que a Xunta está apoiando financeiramente co fin de progresar na optimización da xestión da auga e na prestación destes servizos. Tamén corresponde os concellos velar polo cumprimento da norma en medio ambiente urbano ou a recollida de animais domésticos abandonados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Reforzo da autonomía local

A Xunta mantén o seu compromiso coas entidades locais de Galicia con iniciativas como a Cátedra institucional de bo Goberno Local, en colaboración coa Universidade de Vigo a través da Red Localis. Trátase dun foro pioneiro en España que fomenta o debate público para dar solucións aos problemas das entidades locais galegas.

Outro convenio tamén asinado este ano coa Universidade de Vigo, permitirá revisar, mellorar e actualizar o marco legislativo en materia de Administración local. Elaborarase unha nova normativa adaptada aos cambios producidos nos últimos tempos que sexa capaz de impulsar unha administración local moderna e centrada no cidadá.

Cómpre engadir que Galicia foi a primeira comunidade en garantir desde 2011 a participación das entidades locais nos orzamentos da Xunta a través do Fondo de Cooperación Local (FCL), que o próximo ano contará con 143,4 millóns de euros, un 14% máis que este ano. Destaca o incremento do fondo adicional ata os 30,5 millóns de euros cun aumento récord dun 135% para sufragar os servizos municipais máis demandados polos cidadáns como as emerxencias ou o abastecemento.

Entre o FCL e máis de 415,5 millóns de euros en axudas aos concellos dos distintos departamentos da Xunta as transferencias da Xunta ás entidades locais acadarán o próximo ano os 564,3 millóns de euros, subindo un 15,5% fronte a este 2022. Estas cifras constatan o compromiso do Goberno galego no reforzo da autonomía local coa finalidade de paliar as insuficiencias financeiras conforme á distribución de competencias que lle corresponden e mesmo colaborando cos concellos en servizos de competencia municipal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ CASE 28 M€ EN REFORMAR MÁIS DE 1.100 PARADAS DE AUTOBÚS EN ESTRADAS AUTONÓMICAS, MELLORANDO A SÚA SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE

- Co obxectivo de fomentar o acceso ás cidades en transporte público, dotaranse as paradas de autobús de marquesiñas, postes, bancos ou o apoio isquiático
- Mellorarase a accesibilidade para peóns e persoas con mobilidade reducida a través da conexión das paradas cos itinerarios peonís, a execución de ramplas de acceso, información en braille ou pavimento con podotáctil
- Reforzarase a seguridade das paradas, tamén con perspectiva de xénero, coa eliminación de vexetación, a mellora da visibilidade e iluminación na súa contorna
- As intervencións prevén o reforzo da información e da sinalización, colocando planos de situación e percorridos ou sinais indicativos das paradas
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade xa está a redactar 21 proxectos para mellorar as paradas e someterá os primeiros documentos a información pública nas vindeiras semanas
- A previsión é que a finais de marzo xa estean licitadas 10 obras e avanzar na contratación do resto das actuacións nos seguintes meses
- A iniciativa, que se financiará con fondos Next Generation do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e Feder 21/27, enmárcase no Plan de infraestruturas da Xunta para unha mobilidade segura, verde e intelixente

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde ao programa para actuar en máis de 1.100 paradas de autobús en estradas autonómicas co fin de mellorar a súa seguridade e accesibilidade, o que suporá un investimento de case 28 millóns de euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, xa está a traballar en 21 proxectos que se están redactando para mellorar as paradas de autobús e a súa contorna.

Nas vindeiras semanas someteranse a información pública os primeiros proxectos, xa que algunhas actuacións implican expropiacións. Así, a finais de marzo prevese ter licitadas 10 obras, cun investimento de 13,4 M€, e avanzarase na contratación do resto das actuacións nos seguintes meses, ata completar os 27,96 M€ de investimento total previsto.

Estas actuacións serán financiadas con fondos MRR do programa Next Generation do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, previsiblemente, tamén con fondos Feder 21/27.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta iniciativa enmárcase no Plan de infraestruturas para unha mobilidade segura, verde e intelixente da Xunta de Galicia.

Actuacións

No marco destas intervencións, en primeiro lugar, revisarase se a localización da paradas é a axeitada. A localización óptima destas infraestruturas é en tramos rectilíneos e con visibilidade, en treitos en que a pendente da estrada sexa menor, próximas aos itinerarios accesibles e en zonas iluminadas.

Os traballos que se acometerán nas paradas consistirán en melloras do equipamento, como a dotación de marquesiñas, postes, bancos ou apoio isquiático.

Tamén se levará a cabo a mellora da accesibilidade para peóns, en xeral, e para persoas con mobilidade reducida, a través de medidas como a conexión das paradas cos itinerarios peonís, a execución de ramplas de acceso, información en braille ou pavimento podotáctil.

As obras incluírán medidas de seguridade, tamén con perspectiva de xénero, polo que se eliminará a vexetación, se mellorará a visibilidade e a iluminación ou se ampliará o espazo ao redor das paradas.

Ademais, as intervencións prevén o reforzo da información e da sinalización, colocando planos de situación e percorridos ou sinais indicativos das paradas.


Criterios homoxéneos

Co obxectivo de levar a cabo actuacións con criterios homoxéneos, incorporando as boas prácticas aprendidas nos últimos anos en actuacións similares, desenvóléronse dous documentos técnicos que servirán como folla de ruta para a execución destas melloras.

Así, empregaranse a Guía para o deseño de paradas de autobús na Rede autonómica de estradas de Galicia e as Recomendacións para os cruzamentos de peóns nas inmediacións das paradas de autobús situadas no dominio público viario autonómico.

Mapa coas paradas de autobús nas cakes se levarán a cabo proxectos de mellora da seguridade e da accesibilidade:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Infografía do resultado das actuacións de mellora que se van acometer nas paradas



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTUALIZA A GUÍA PARA O USO AXEITADO DOS MEDICAMENTOS NO ÁMBITO SOCIOSANITARIO

- Edita unha nova edición da Guía farmacoterapéutica, dirixida aos profesionais sanitarios dos centros conveniados co Servizo Galego de Saúde e centrada na atención ás persoas en situación de cronicidade
- Nesta segunda edición, de 2022, actualízase a relación de medicamentos, incorporando a innovación terapéutica dos últimos anos, cun enfoque máis farmacoclínico e con novos contidos que reforzan aspectos de seguridade no manexo dos fármacos
- A guía encádrase no Programa de atención farmacéutica en centros sociosanitarios, que desde 2009 duplicou o número de centros atendidos, que pasou de 49 centros aos 110 actuais

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a publicación da segunda edición da Guía farmacoterapéutica e de práctica clínica nos centros sociosanitarios, dirixida aos profesionais dos centros conveniados co Servizo Galego de Saúde e centrada na atención as persoas en situación de cronicidade.

A nova edición da Guía de 2022 –a primeira publicouse no ano 2018– que promove o uso axeitado dos medicamentos no ámbito sociosanitario, ademais de actualizar a súa selección, incorpora a innovación terapéutica dos últimos anos. Tamén, a nova edición desprega o enfoque máis farmacoclínico e de práctica clínica, con novos contidos que reforzan aspectos de seguridade no manexo dos medicamentos, como precaucións para ter en conta co uso de certos fármacos nos pacientes con insuficiencia renal ou hepática.

En Galicia hai máis de 377.000 persoas maiores de 75 anos. Delas, case 21.300 viven en residencias e preto de 3.000 son usuarias de residencias de atención a persoas con discapacidade. O uso axeitado dos medicamentos é parte esencial na xestión eficiente das enfermidades crónicas. Para engadir criterios de homoxeneidade e equidade na prestación farmacéutica, promoveuse a elaboración da primeira Guía farmacoterapéutica de referencia no ano 2017, que foi publicada un ano despois.

O obxectivo desta guía é a optimización da xestión da prestación farmacéutica neste ámbito asistencial, acadando unha atención integral, segura e de calidade e un uso eficiente e homoxéneo dos recursos para garantir a equidade de acceso ás prestacións farmacéuticas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde 2009 o programa duplicou o número de centros atendidos

A guía encádrase no Programa de atención farmacéutica en centros sociosanitarios, a través de convenios de colaboración subscritos entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e as entidades responsables da xestión dos centros sociosanitarios.

Este programa é garante dunha farmacoterapia de calidade, segura e eficiente, adaptada ás características particulares do ámbito sociosanitario, dado que se realiza un seguimento farmacoterapéutico individualizado polo/a farmacéutico/a responsable do programa.

Desde 2009 o programa duplicou o número de centros atendidos, que pasaron de 49 centros sociosanitarios e 6.700 prazas aos 110 centros actuais e preto de 12.500 prazas.

Ademais, o programa estenderase co obxectivo de que a atención farmacéutica contribúa a mellorar a coordinación sociosanitaria.

Novidades da 2ª edición da guía

Entre as novidades desta segunda edición do documento inclúense 13 novos principios activos e exclúense 4. En total, a guía detalla 272 principios activos.

Identifícanse os medicamentos que precisan axuste de dose en caso de insuficiencia renal e/ou hepática, e tamén se diferencian medicamentos que soan ou se len igual.

Así mesmo, a guía actualiza e incorpora as novas notas de seguridade da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (AEMPS) e as recomendacións da Comisión Autónoma de Farmacia e Terapéutica (CACFT). Inclúense tamén as recomendacións da Dirección Xeral de Saúde Pública sobre vacinación COVID e o protocolo de utilización de quetiapina para o tratamento de alteracións condutuais en demencia.

Criterios de selección

Sobre os criterios de selección dos medicamentos, a guía inclúe os indicados nas patoloxías máis prevalentes dos pacientes maiores, así como os de eficacia demostrada e perfil de seguridade coñecido. Tamén, os fármacos con menor incidencia de reaccións adversas ou interaccións co resto de medicamentos nos pacientes maiores. Inclúese medicación de pauta posolóxica cómoda que favoreza a adherencia aos tratamentos e nas doses máis idóneas ás características especiais deste grupo etario. Tamén se seleccionan medicamentos que maximizan a eficiencia dos tratamentos e os resultados de saúde, e adecúan as formas farmacéuticas ás incapacidades físicas destes pacientes (alteracións da deglutición ou sondas de nutrición enteral, por exemplo).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Guía farmacoterapéutica está dispoñible en formato en liña, en versión galego e castelán, é accesible e publícase na intranet do Sergas e no Catálogo de publicacións da Xunta de Galicia. Trátase dun documento dinámico, en continua revisión en actualización por parte do grupo de traballo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

